

MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA NACIONAL DE TDAH

27 de outubro 2025

Transcorrido un ano dende a nosa Xornada no Congreso dos/as Deputados/as, **NON temos NADA** máis que o silencio dun Ministerio que IGNORA as demandas das persoas con TDAH. Cremos que é unha actitude vergoñosa e de responsables incompetentes que se negan a escoitar a nosa realidade.

Vémolo moi claro: **DÁMOSLLES IGUAL.**

A Constitución Española no artigo 43 garántenos unha SANIDADE PÚBLICA para todos/as. Os nosos/as políticos/as, eses e esas, que se pasan o día “tirándose pedras entre eles/as” e aproveitándose de calquera desgraza para dicir o de que O OUTRO non o fixo ben, a esas persoas, énchense a boca afirmando que é así, pero NON señores e señoras, ISO NON é así.

NON É UNHA SANIDADE PARA TODOS/AS, NON EXISTE UNHA SAÚDE MENTAL PÚBLICA PARA TODOS/AS!!

Cando as familias cun fillo/a con TDAH vense obrigadas a acudir a profesionais privados ou DEIXAR ao seu fillo ou filla sen proporcionarlle a ATENCIÓN EN SAÚDE MENTAL que necesita, por non poder afrontar os gastos que esta atención de carácter privado supón, vemos claramente que non é para todos/as. E ESTES CASOS EXISTEN, NON O POÑAN EN DÚBIDA.

Cando unha persoa adulta con TDAH acode a un profesional da saúde mental e ten que escoitar “iso son invencións”, “se chegaches ata aquí sen a nosa atención e tan mal non te foi...que queres agora?”, “bo non estamos para atender estas cousas”... ISO NON É SANIDADE PARA TODOS/AS.

Sentimos que somos pacientes de “segunda”, estamos cansos/as de que se cuestione o diagnóstico, de ser os últimos en atender ou mesmo que nin se nos considere, que se menosprece a nosa situación... en fin que NON SE NOS TEÑA EN CONTA.

Desde hai un tempo levamos escoitando aos políticos/as e á sociedade en xeral que están concienciados coa SAÚDE MENTAL, e que AGORA empezan a recoñecerlle a importancia que ten. Nós acordámonos tamén de todos/as os/as que perdemos polo camiño ata que entenderon que “isto” da Saúde Mental é IMPORTANTE!!.

Pero agora en que se focalizan?

Na GRAVIDADE, cando hai trastornos graves ou intentos de suicidio ou agresións filioparentais ou se agrade á autoridade ou se comete un delito.

Entón levan as mans á cabeza e “por encantamento” aparece diñeiro para abrir unidades de atención de agudos, de ingresos de media e longa estancia, crear protocolos que quedan en caixóns...e sacarse a foto de quen fixo máis... PERO temos uns servizos que TODOS/AS sabemos que seguen sendo insuficientes e por que? pois MOI SINXELO:

Se non atendemos os primeiros síntomas, se non damos a importancia que ten nos seus primeiros anos a calquera trastorno do neurodesenvolvemento, como é o caso do TDAH, atoparémonos a mozos e mozas cuxa sintomatoloxía derivou a situacións moito máis graves.

Cantas persoas con TDAH por non ser atendidas na infancia desenvolveron outras patoloxías máis graves? NINGUÉN se atreve a contestarnos, pero as persoas que convivimos co TDAH sabemos que TRISTEMENTE son moitísimas..., mesmo sabemos que algunhas chegaron ao suicidio por algo que, no seu momento, arrincou nunha contestación dun profesional sanitario do estilo de “isto non é grave nin trastorno moderno ningún, o problema é que non lle pos límites”.

Sería necesaria tanta **intervención “límite”** se gastásemos en PREVENCIÓN, en atender ás persoas ante os primeiros síntomas, sen negar a evidencia?

DEMANDAS E PROPOSTAS

1. Atención aos/as pacientes con TDAH na saúde pública de forma temperá e preventiva. Cunha visión global da gravidade da sintomatoloxía e os riscos da falta de atención multi disciplinar. **GOBERNO de España** evite, que o noso colectivo **NON ATENDIDO A TEMPO**, chegue a unha unidade de agudos ou mesmo chegue a decidir que esta vida non merece a pena.
2. **Afirmar e actuar ante o TDAH** coa atención necesaria ao longo da vida, confirmando e ratificando que se trata dun trastorno crónico.
3. DUNHA VEZ POR TODAS DEMANDAMOS ser escoitados polo MINISTERIO DE SANIDADE.
REUNIÓN XA!!

#TDAHsinatencionsanitaria